

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	VIGO
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santa Cristina de Lavadores
<b>Dirección</b>	Rúa de Santa Cristina, 2. 36214
	42.226620 -8.697131
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	Igrexa parroquial levantada polo Mestre Rodrigo cara ao ano 1201 da nosa era segundo se desprende dunha inscrición achada na propia edificación. Experimentou unha reconstrución no último terzo do século XIX aínda que se respectou en gran parte o orixinal edificio románico así como parte dos alzados laterais. O acceso ao interior faise a través dunha tripla arcada de medio punto. Este pórtico de entrada ten a particularidade de ter pegado un cruceiro inserido no muro, con basea de dobre chanzo, fuste circular, capitel e a imaxe de Cristo crucificado. A fachada, de cadeirado regular, áchase coroada pola figura de Santa Cristina enmarcada nunha fornela. A torre-espadaña sitúase no lateral esquerdo da Igrexa. Dentro da nave consérvase a figura dun León, parte do soporte dun sepulcro medieval e, nun terreo próximo, un antigo sepulcro de tipo antropomorfo que tamén puido pertencer ao templo.
<b>Campás</b>	3 campás.
<b>Fotos</b>	1
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	www.turismo.gal (Xunta de Galicia)
<b>Data</b>	19-11-2022

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">CABRILLO MAYOR, JOSÉ</a>	1920		
Torre-campanario	<a href="#">Mediana.</a>	<a href="#">CABRILLO MAYOR, JOSÉ</a>	1920		
Torre-campanario	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">PELLÓN (SAN BREIXO DE ARCOS)</a>	1823		

Información completa: [Igrexa de Santa Cristina de Lavadores - VIGO \(GALICIA\)](#)

PDF (29-06-2026)